

CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O LABORATORIO NOVARTIS FARMACÉUTICA, S.A. PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE SANITARIO EN MATERIA DE FORMACIÓN, INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA QUE:**

O Servizo Galego de Saúde formalizou o 24.02.2022 o convenio arriba referido co Laboratorio Novartis Farmacéutica, S.A., por un período de vixencia de catro anos a partir da súa sinatura, podendo prorrogarse, por acordo das partes, por un período de ata catro anos adicionais.

O instrumento convencional ten por obxecto definir o ámbito das relacións de colaboración entre as partes asinantes, para a promoción da investigación e a formación orientadas á mellora da atención sanitaria, a través da promoción da investigación, a formación, a innovación ou a realización de estudos e intercambio de coñecemento científico e técnico.

De conformidade co previsto no artigo 92 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galicia, o Servizo Galego de Saúde configúrase como organismo autónomo de natureza administrativa adscrito á Consellería de Sanidade, creado por Lei 1/1989, do 2 de xaneiro, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o adecuado desenvolvemento das competencias que no ámbito sanitario correspóndenlle á Comunidade Autónoma de Galicia.

O artigo 94 da dita lei contempla entre as súas funcións a promoción da docencia e a investigación en ciencias da saúde, no ámbito dos centros, servizos e establecementos sanitarios asistenciais, así como o desenvolvemento de programas de calidade e mellora da práctica clínica e de mellora de xestión.

Por outra banda, o artigo 136 da citada Lei 8/2008 prevé, no ámbito da coordinación interdepartamental da atención sociosanitaria, que a Consellería de Sanidade fomentará actuacións integrais sociais e sanitarias ante aquelas circunstancias de dependencia, discapacidade ou outras en que a cooperación conleve vantaxes sociais e asistenciais.

Así mesmo, a Consellería de Sanidade, a través do Servizo Galego de Saúde, ten como un dos seus obxectivos a prevención e a atención sanitaria. A súa finalidade é impulsar, planificar, coordinar e avaliar as actuacións levadas a termo para mellorar o proceso de atención e, isto, coa implicación de todos os axentes do sistema de saúde e do sistema social, co fin de establecer un marco de actuación integral.

Outro dos obxectivos relacionados é a mellora da utilización dos medicamentos, tanto na atención primaria de saúde como na atención hospitalaria e sociosanitaria. Neste sentido, unha das liñas de actuación consiste no impulso de actividades dirixidas á mellora de aspectos como a educación

sanitaria dos pacientes e cidadáns e o bo uso dos medicamentos, a súa adherencia aos tratamentos prescritos, a formación científica dos profesionais sanitarios ou a investigación nestas materias, coa finalidade de mellorar a atención e o servizo de saúde aos pacientes.

Pola súa banda, a Consellería de Sanidade ten entidades públicas adscritas e funcionalmente dependentes do Servizo Galego de Saúde ás que encomendar servizos e tarefas dentro do seu ámbito de actuación cuxa actividade principal é a docencia, a formación e investigación en administración e xestión sanitaria, sociosanitaria, saúde pública e asistencia sanitaria, de conformidade coas directrices emanadas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde.

A Consellería de Sanidade ten entre os seus obxectivos prioritarios a investigación, innovación e formación na área da saúde e da atención a pacientes, e neste contexto, está interesada en poñer en marcha e/ou apoiar proxectos que, de calquera forma, poidan mellorar as condicións clínicas e de calidade de vida dos pacientes así como promover e colaborar en proxectos de investigación e formación dos profesionais que contribúan a mellorar o nivel de competencia profesional.

Pola súa banda, o Laboratorio Novartis Farmacéutica, S.A. é un laboratorio farmacéutico dedicado á investigación e comercialización de produtos farmacéuticos que desenvolve produtos e servizos innovadores na área da saúde e da atención a pacientes, e neste contexto, está interesado en poñer en marcha e/ou apoiar proxectos que, de calquera forma, poidan mellorar as condicións clínicas e de calidade de vida dos pacientes.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago,

